

**A C T A 1/2023**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 25 DE XANEIRO DE 2023 -**

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D. José Antonio Garea Gil

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> Mayte Argibay da Silva

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Non asiste, previa escusa:**

D. José Manuel Elías Noya

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 25/05/2022, 29/06/2022, 27/07/2022 E EXTRAORDINARIA DO 09/09/2022**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1693/22 Á RES 1722/22, E DA RES 01/23 Á RES 65/23)**
- 3.- MOCIÓNS**
- 4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. José Manuel Elías Noya, por motivos laborais, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 25/05/2022, 29/06/2022, 27/07/2022 E EXTRAORDINARIA DO 09/09/2022.**

**Acta da sesión ordinaria do 25 de maio de 2022**

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**Acta da sesión ordinaria do 29 de xuño de 2022**

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 27 de xullo de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 9 de setembro de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de setembro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1693/22 Á RES 1722/22, E DA RES 01/23 Á RES 65/23).**

Faise constar que hai un erro na redacción deste punto 2 da orde do día, na medida en que a referencia á “res. 1693”, da que xa se dou conta no Pleno ordinario do mes de decembro de 2022, debe entenderse referida á “res. 1694”.

De acordo do exposto, dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 23 ata o 31 de decembro de 2022, que comprenden os números 1694 ao 1722, e dende o 1 ata o 19 de xaneiro de 2023, que comprenden os números 1 ao 65, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación dende a convocatoria do Pleno.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**3.- MOCIÓNS.**

O sr. alcalde sinala que hai tres mocións do grupo municipal do BNG, sen que conste ningunha outro moción.

1.- Moción do BNG relativa á “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago”, do 17 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 295, do 19/01/2023).

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao sinala que a presentación da moción lla pediron os veciños e que a urxencia se xustifica porque existe un período de alegacións, resultando polo tanto convinte tratar o asunto antes de que dito período remate.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG relativa á “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago”.**

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo relativa á “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago”, do 17 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 295, do 19/01/2023), que se recolle a continuación.

**“Moción Relativa á “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago “.**

Patricia Castelao Ferreiro, concelleira do Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

**Exposición de motivos:**

No DOG do 2 de xaneiro de 2023 sae publicado o anuncio do 23 de decembro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona sur da ATM de Santiago, actuación financiada pola Unión Europea-

NextGenerationEU, de clave AC/22/053.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Desde o BNG estamos de acordo con todas as medidas que incidan positivamente na seguridade viaria e que fomenten o transporte público. Entendemos que sería positivo que as medidas de mellora de seguridade viaria realizadas no seu día tiveran en conta as medidas que se están a propoñen agora. Como non foi así, encontrámonos actualmente co descontento da veciñanza afectada.

Por este motivo, o BNG co fin de minimizar o impacto para o conxunto da veciñanza e o comercio local SOLICITA:

**1. Instar ao Concello a que realice os informes técnicos e presente as alegacións oportunas para resolver as intervencións controvertidas coa participación dos e das afectadas.**

**2. Instar a que se realicen as xestións precisas para habilitar estacionamentos próximos mediante a adaptación de fincas municipais, acordos cos e coas veciñas propietarias de fincas próximas, propoña a súa venda ou calquera outra solución coa que se poida chegar a acordo cos e coas afectadas.**

**3. Instar ao Concello a que axilice todo o posible estes trámites tendo en conta que o prazo de alegacións é de 30 días hábiles a partir do día seguinte da publicación do anuncio (02/01/2023).**

En Teo, a 17 de xaneiro de 2023

Asinado

Patricia Castelao Ferreiro, con DI 16299608Z, portavoz do Grupo Municipal do BNG “

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Salienta a sra. Lemus que houbo sorte no sentido de que no proxecto se incluían expropiacións, porque se fose un proxecto meramente de mellora de accesibilidade sen ningún tipo de expropiación non habería exposición pública e non se enteraría ninguén do seu contido ata o momento da licitación ou, seguramente, o momento de execución. Sinala a sra. Lemus que pensa que ninguén

está en contra da mellora da accesibilidade nin da mellora da seguridade viaria nesa estrada, é unha travesía urbana con moitos problemas dende o proxecto ata a execución do mesmo e xa nunca se cumpriu a accesibilidade, e sendo unha lei do 2007 e aínda que había uns prazos, os cales nunca se chegaron a cumprir, é certo que agora ocorre que existe un problema a maiores, que é que este proxecto agudiza a falta de aparcamentos na travesía de Cacheiras, e sobre todo dende a zona do Canaleto ata máis ou menos a entrada da Ribeira, e posteriormente tamén en Pontevea provoca problemas incluso no exercicio de actividades económicas. Considera a sra. Lemus que o proxecto precisaría unha volta e espera que se formulen as alegacións correspondente, engadindo que canta máis presión política se faga mellor, polo que o seu grupo vai a apoiar a moción.

Sinala a sra. Lemus que sabe que houbo reunións dos comerciantes con todos os políticos e falouse de que por parte do Concello xa se estaba buscando unha parcela para aparcamento municipal, polo que quería saber como estaban as xestións da mesma.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que van a facer as oportunas alegacións e que a Xunta está nunha boa disposición. Respecto do tema do aparcamento di que todos sabes, e xa se reiterou moitas veces, que é unha demanda histórica, xa que en Cacheiras non hai onde meter un coche e hai que crear aparcamento como sexa, alugar unha leira, o baixo dun edificio, o que sexa.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, quen sinala, con respecto ao que comenta o BNG na moción, que o Concello si que vai a presentar alegacións. Di que realmente esta semana estase rematando de ver algunhas alternativas que queren propoñer por exemplo na zona de Pontevea, e é certo que na zona de Cacheiras, algo máis abaixo incluso do Canaleto, dende a praza ata a ferretería, se perden 8 prazas de aparcadoiro, aínda que o problema xa estaba antes da mellora das marquesiñas, pois aí é onde se está tratando de xestionar unha finca municipal. Di que non quere adiantar nada porque non hai un compromiso asinado pero si que hai un compromiso verbal,

entón pensa que na próxima semana poderanse dar boas novas, aínda que tampouco quere confirmalo ata que non estea asinado.

Manifesta a sra. López que van a apoiar a proposta e sinala que non ten moito xeito ter unhas marquesiñas estupendas que van a quedar, con case 800.000 € que se inverten no Concello de Teo, e un servizo de transporte cada vez máis deficitario que deixa a máis persoas nas paradas, e que xa o dixo algunha xente que acudiu ao Concello, que case parece unha broma, que hai paradas para agardar buses que non pasan, entón a súa crítica vai máis nese sentido, pero entende a necesidade de prazas de aparcadoiro, que xa existía antes, e iso é real, e isto vén a agudizalo máis aínda. Sinala que se puxeron as pilas nese sentido para tratar de minimizalo, sobre todo na zona de Cacheiras.

A sra. Castelao sinala que só quere comentar que a moción era por ese motivo, que hai mes ou mes e medio xa meteron outra moción relativa ao transporte público.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:**

**1. Instar ao Concello a que realice os informes técnicos e presente as alegacións oportunas para resolver as intervencións controvertidas coa participación dos e das afectadas.**

**2. Instar a que se realicen as xestións precisas para habilitar estacionamentos próximos mediante a adaptación de fincas municipais, acordos cos e coas veciñas propietarias de fincas próximas, propoña a súa venda ou calquera outra solución coa que se poida chegar a acordo cos e coas afectadas.**

**3. Instar ao Concello a que axilice todo o posible estes trámites tendo en conta que o prazo de alegacións é de 30 días hábiles a partir do día seguinte da publicación do anuncio (02/01/2023).**

2.- Moción do BNG para a dotación de fondos da Xunta de Galicia en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural do PAC, do 17 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 297, do 19/01/2023).

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao cédelle a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez explica que a urxencia xustifícase porque se trata dun tema de actualidade resultando ademais que é o momento de facer forza porque existe moita xente pendente do que a Xunta de Galicia tome unha decisión.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG para a dotación de fondos da Xunta de Galicia en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural do PAC.**

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo para a dotación de fondos da Xunta de Galicia en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural do PAC, do 17 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 297, do 19/01/2023), que se recolle a continuación.

**“Moción do BNG para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.**



Patricia Castelao Ferreiro concelleira do Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

### **Exposición de motivos:**

A Política Agraria Común pivota arredor de medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promoveu activamente e con éxito o paso das producións convencionais a ecolóxicas. Pero a orde de axudas, cun orzamento insuficiente, ademais deixa fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico. Cómpre que a Consellería de Medio Rural poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

A situación resulta máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes porque doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incerteza se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria do pasado ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica que había no 2022 e que quedaron sen fondos nesta convocatoria, así como para todos os anos seguintes. En Galiza andamos arredor do 5% e acadar o 25% da SAU en ecolóxico a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción do seguinte ACORDO:**

**1.-Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para dar cobertura ás axudas que no ano 2022 non se puideron cubrir por falta de fondos da UE, na cantidade precisa ata acadar os 5,6 M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.**

**2.-Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do vindeiro período 2023-2027.**

**3.-Instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.**

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que efectivamente é un tema de actualidade que afecta a todos, pero é un tema que xa está no Parlamento de Galicia, porque como é bastante xenérico e afecta a toda Galicia é a Administración á que corresponde.

Explica que, de todas formas, vai dar uns datos. Sinala a sra. Calvo que a Xunta promoverá a modificación do plan estratéxico do PAC para dedicar nos vindeiros anos máis fondos a apoiar a produción ecolóxica. O Consello agrario galego está a estudar distintas propostas de cara a garantir máis fondos para a agricultura ecolóxica na PAC do período 2023-2027, porque é consciente do incremento exponencial rexistrado

neste sector. Considera a sra. Calvo que podería dar máis datos pero sinala que vai a abreviar un pouco.

Continúa explicando que se está diante dun crecemento salientable que consolida de xeito determinante a produción ecolóxica en Galicia. Esta evolución amosa o compromiso da Xunta con este sector dende hai 25 anos, os que vén precisamente cumprindo o CRAEGA, e máis concretamente dende hai unha década, que posibilitou que a agricultura ecolóxica se convertera nunha opción viable e nunha referencia para os consumidores.

Di a sra. Calvo que neste senso cómpre lembrar que no 2015 tamén se estaba como agora, e dende entón o goberno galego fixo un esforzo importante para convocar e manter estas achegas todos os anos. Sinala que neste ano xa se incrementaron os fondos para a agricultura ecolóxica en preto dun 23% ata chegar aos 3,9 millóns de euros. Este aumento de fondos para esta liña de axudas rexistrouse tamén no 2022, nun 59% mais con respecto á convocatoria anterior, pasando así de 2 a 3,5 millóns de euros. Sinala que outro dato é o relativo ás axudas do segundo pilar do PAC, desenvolvemento rural, que incrementaron a súa contía global de 31 a preto de 40 millóns de euros no último ano, pero ademais todos os agricultores e gandeiros galegos con dereitos tamén os que traballan en ecolóxico van percibir as axudas directas.

Di a sra. Calvo que o Consello galego avaliará distintas propostas de cara a garantir máis fondos para a agricultura ecolóxica na PAC do período 2023-2027. Déuselles aos representantes do sector agrogandeiro galego a semana do 16 e do 23 para presentar propostas precisamente con esta finalidade. Acordouse coas organizacións profesionais agrarias e co Consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia, o CRAEGA, traballar conxuntamente para obter os datos o máis afiados posibles, en canto ás hectáreas declaradas en ecolóxico.

Sinala a sra. Calvo que o obxectivo é fiar os criterios que permiten dotar cun colchón orzamentario suficiente para poder atender todas as solicitudes que se presenten na orde que se publique neste 2023.

Manifesta a sra. Calvo que esta cuestión, a modificación do PAC, ten que ser debatida e aprobada polo comité de seguimento desta plan no que están representadas ou presentes as organizacións agrarias con representación no Consello agrario, isto como paso previo. A tramitación dos cambios que deben de ser aprobados é nesta última instancia pola Comisión Europea.

Explica a sra. Calvo que polo tanto o seu grupo vaise a abster porque evidentemente a Xunta está facendo todo o posible, está mantendo a excepción dun ano que se acaba de citar, no longo do tempo, as axudas, engadindo que a Administración máis competente para levar este tema é o Parlamento de Galicia, tratándose de toda Galicia, porque non é algo de Teo.

O sr. alcalde anuncia o apoio do seu grupo.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:**

**1.-Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para dar cobertura ás axudas que no ano 2022 non se puideron cubrir por falta de fondos da UE, na cantidade precisa ata acadar os 5,6 M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.**

**2.-Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do vindeiro período 2023-2027.**

**3.-Instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.**

3.- Moción do BNG en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública, do 24 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 409, do 25/01/2023).

O sr. alcalde sinala que neste caso a urxencia é obvia á vista da manifestación convocada para o día 12 de febreiro.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública, do 24 de xaneiro de 2023 (rex. entrada nº 409, do 25/01/2023), que se recolle a continuación.

**“Moción en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública.**

Patricia Castelao Ferreiro, concelleira do Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

#### **Exposición de motivos:**

O deterioro da Atención Primaria Galega está alcanzando un punto de inflexión que pode ser irreversible se non se lle pon remedio de forma urxente.

Os Concellos, como institución mais próxima a poboación e aos seus problemas, reciben as queixas e demandas da veciñanza, sobre as dificultades para acceder aos

Centros de Saúde, os peches de PACs, a masificación das consultas, a prioridades para a consulta telefónica, a falta de persoal médico, de pediatría, enfermaría e doutras categorías profesionais, sometido a condicións de inestabilidade e precariedade laboral, tendo gran repercusión na calidade da atención sanitaria.

Todas somos conscientes de que a crise da Atención Primaria, afecta á saúde da poboación (polos atrasos nos diagnósticos e tratamentos), colapsa as urxencias e as listas de agarda nos hospitais. Así o confirman os últimos informes do Ministerio de Sanidade, que reflicten un incremento da mortalidade evitable e xeral, non explicable pola epidemioloxía.

O concello, como administración representativa dos intereses da poboación, non pode tolerar que a poboación desmoralizada acabe aceptando uns Centros de Saúde de baixa calidade e inaccesibles por falta de persoal e de recursos, que se abandone a promoción, prevención, rehabilitación, o traballo comunitario e a participación cidadán. A solución non pode ser a contratación de seguros privados enganosos, que tamén teñen listas de agarda e que denegan consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas por non “entrar” no seguro contratado.

Sen embargo a Xunta de Galicia e o SERGAS, pretenden perpetuar esta situación, aprobando un orzamento para a Atención Primaria que supón o 14% do gasto sanitario total, absolutamente insuficiente para solucionar a falta de persoal e as carencias de personal e de recursos dos Centros, que según a OMS debe ser do 25%.

Ante a falta de medidas da administración do PP, para frear o desmantelamento da Atención Sanitaria e do Sistema Sanitario Público Galego, consideramos necesario apoiar a mobilización social e profesional en contra desta situación. Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, piden o apoio a Iniciativa Lexislativa Popular para que o Parlamento Galego, debata e aprobe a serie de medidas destinadas a Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e a Manifestación do día 12 de febreiro do 2023, en Compostela, as 12 h. e con saída dende a Alameda e rematando na Praza do Obradoiro, en Defensa do Sistema Sanitario Público Galego.

A Plataforma SOS Sanidade Pública considera urxente incrementar o orzamento da Atención Primaria ata o 25% do total; a recuperación dos postos de traballo

recortados; a convocatoria de novas prazas de tódalas categorías de persoal nos Centros de Saúde e PACs; a utilización plena dos servizos hospitalarios para acabar coas listas de agarda acumuladas; a elaboración dun Novo Modelo de Saúde Comunitario que emane das conclusións do Consello Técnico de AP de Galicia e contemple a colaboración das administración locais para ir contra os determinantes da saúde e da enfermidade.

**Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:**

**Facilitar a recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria**

**Chamar a poboación do noso Concello a participar na Manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego en risco de desmantelamento.**

En Teo, a 24 de xaneiro de 2023

Asinado

Patricia Castela Ferreiro, con DI 16299608Z, portavoz do Grupo Municipal do BNG”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Explica que durante o último ano si que utilizou moito a atención primaria pero había tempo que non ía e estaba mirando en Cacheiras hoxe, e se se solicita unha cita o primeiro día que darían sería o luns, o cal é unha novidade, pois normalmente estíbese a falar de 10 días para adiante. Pero en cambio para analíticas xa tardan dúas semanas. Explica que a súa experiencia do último ano foi tardar entre 3 e 4 semanas para analítica e en xeral entre 10 e 15 días para consulta. Considera que todo isto provoca claramente que a maior parte da xente cando estea mal acabe toda en urxencias colapsando os hospitais, o que non ten ningún sentido.

Remata a súa intervención a sra. Lemus sinalando que apoian a moción así como tamén a manifestación do día 12.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo manifesta que o BNG trae esta moción, sendo libre por suposto de facelo, pero ela preferiría que a trouxeran doutra forma, porque hai certas cousas coas que poden coincidir, pero dende logo a plataforma que promove esta Iniciativa lexislativa popular é unha entidade fondamente partidista, está politizada e non ten realmente un interese pola mellora da sanidade pública senón que ten como obxecto exclusivo atacar á Xunta de Galicia e ao PP.

Sinala a sra. Calvo que di iso porque pensa que cando se din as cousas hai que explicalas. Sinala que esta plataforma está apoiada polos sindicatos e partidos de esquerdas de cada territorio en Galicia, a nivel galego, cun único voceiro, que é Manuel Martín García. Sinala que este señor, que é médico, foi nomeado membro do Consello asesor do sistema sanitario de Galicia polo goberno bipartito, entre 2006 e 2009, e participou na elaboración do documento “propostas de transformación da atención primaria en Galicia”, publicado en febreiro de 2009 pola Consellería de Sanidade, coas conclusións, que di pasa a ler, que considera que case é o máis interesante, *“en la situación actual los PAC en Galicia prestan una atención de escasa eficiencia, son poco resolutivos y provocan una elevada ocupación de profesionales, es un escenario de escasez de los mismos, que se sienten frustrados ante el escaso desarrollo profesional que pueden desarrollar en estos dispositivos. Se hace necesario realizar unha reforma en profundidade que produzca una reducción del actual número de puntos”*. É dicir, pedía que se pecharan. Continúa lendo o texto, e remata *“Un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial”*.

Explica a sra. Calvo que o sr. Martín nese momento compaxinaba o asesoramento ao bipartito proponendo cerrar os PAC coa presidencia dunha presunta plataforma en



defensa da sanidade pública, que en realidade defendía ao goberno, ante as reivindicacións sindicais, como ocorreu coa folga en atención primaria convocada en 2008. Salienta a sra. Calvo que todo isto son datos contrastables.

Sinala que, naquel momento o sr. Martín apoiaba ao goberno, ao bipartito. Di que a asociación galega para a defensa da sanidade pública emitiu un comunicado cuestionando os paros que convocaban os sindicatos, e referíndose ao *“apoio dos colexios médicos reduto tradicional dos señores máis conservadores da profesión médica”*, afirmando así mesmo que *“la entidad cuestionaba incluso algunas de las reivindicaciones de los facultativos, ya que señalaba que su negativa a hacer guardias con carácter obligatorio choca con una realidad en la que no hay bolsas de médicos en paro, por lo que esta petición avocaría ao sistema de saúde a por en risco a asistencia á cidadanía”*. Sinala a sra. Calvo que non sabe que teñen que dicir os compañeiros con respecto a isto.

Di a sra. Calvo que, ante unha realidade contrastada de falta de médicos, porque iso está contrastado nas listas de contratación, non sabe como este señor podía dicir iso.

Explica a sra. Calvo que dende o 2009 o sr. Martín e a súa plataforma deixaron de ser tan compracentes co goberno autonómico, o que é raro, e pasaron a ser feroces críticos de calquera medida sanitaria adoptada pola Xunta. Pensa a sra. Calvo que a crítica construtiva sempre é boa e necesaria, engadindo que neste caso é moi partidista, e así dise unha cousa e logo a contraria, segundo lle vai no soldo.

Sinala a sra. Calvo, con respecto aos recortes na sanidade pública e o incremento da privada co goberno do PP na Xunta, que estas dúas afirmacións son falsas, e se trata de datos contrastables.

Di a sra. Calvo que o orzamento do SERGAS aumentou un 36% en relación co que aprobou o bipartito para o ano 2009, e aínda que efectivamente poida non ser suficiente, hai que ter en conta que hai o orzamento que hai.

E non se trata só de investimentos en construcións de hospitais, que tamén, senón nunha moi boa parte en investimento de persoal. Sinala que, aínda que as comparacións son odiosas, en relación ao 2009, os orzamentos en gastos de persoal aumentaron un 29,5%, máis de 4.500.000 millóns de euros. Así mesmo, sinala, nunca houbo tantos profesionais contratados, máis de 42.700, un 18%. Isto, sinala, nin é partidista nin non partidista, son datos contrastables.

No que respecta ao persoal di que nos orzamentos da Xunta para 2023 hai case 134 millóns de euros máis para o capítulo de persoal da atención primaria que os que tiña o orzamento do bipartito para o ano 2009.

Polo tanto, sinala, non houbo recortes, pódese pedir que aumenten máis, pero hai que facer as mocións ben.

Explica a sra. Calvo que, como reflicte o informe do Consello de Contas, onde hai Conselleiros de todos os partidos, sobre a Conta xeral do SERGAS do 2008, nos 4 anos de goberno do bipartito o gasto en actividade concertada aumentou un 48%, pasando os concertos coa sanidade privada dun 5,5% do total do gasto a máis dun 6%. Unha porcentaxe que co goberno do PP descendeu arredor do 5%, tal e como certifican ano a ano os informes do Consello de Contas, tratándose de datos que non inventa ela.

Di a sra. Calvo que non sabe se é que lles pasan os datos mal ou o que sexa, pero que de todas formas isto debateuse no día de hoxe no Parlamento e o Conselleiro explicou todo perfectísimamente. Sinala que na moción non mencionan para nada ao goberno central, entende que é que son socios, pero aínda así pide que se disimule un pouco.

Explica a sra. Calvo que o dixo Conselleiro no día de hoxe pola mañá, que non deixan formar a médicos, que hai un problema real de profesionais, de médicos, non hai para cubrir.

Segue dicindo que de feito nesta lexislatura votouse no Parlamento unha resolución sobre os informes do Consello de Contas na que se instaba á Xunta a manter o gasto en concertos coa sanidade privada por debaixo do 6%, como o Consello de Contas acreditaba que levaba ocorrendo dende 2009. Explica que se aprobou sen o apoio nin do BNG nin do PSOE, engadindo que se trata de datos que se poden comprobar.

Explica a sra. Calvo que, como reflicte o informe do Consello de Contas sobre a Conta xeral do SERGAS de 2008, nos catro anos do goberno do bipartito o gasto en actividade concertada aumentou un 48%, e o BNG estaba alí, igual que están agora en Madrid. Cada ano que gobernaban gastaban 17 millóns máis en concertos coa privada que o ano anterior. Se a Xunta seguira nas súas mans e continuaran con esa tendencia habería que imaxinarse onde se podería chegar hoxe en día.

Con respecto á acusación de favorecer aos seguros privados di que iso tampouco se sostén xa que os datos das propias entidades aseguradoras din o contrario, que non o di nin o PP nin ela. O último informe da Unidade española de entidades aseguradoras, UNESPA, di que en 2020 había en Galicia menos porcentaxe de poboación con seguro médico que en 2009. No mesmo período a media española de poboación con seguro privado subiu 4 puntos.

Pensa que hai un problema xeneralizado, xa non só en Galicia, senón en toda España, e iso inclúe a todas as Comunidades Autónomas.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que o que tamén o que hai que facer son reivindicacións ao goberno de España, moitas, pois eles non teñen complexos en votar si se considera que é coherente e que vai en favor da poboación de Teo, ou o que faga falta. Sinala que neste caso sínteo moito pero vai ser un “non”, aínda que se se trouxera outro tipo de moción seguramente fose un “si”.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, quen sinala que para constatar o deterioro da sanidade pública só hai que ser usuaria da mesma, sen ningún cuestionamento político. Explica que en Teo hai máis dun mes no ambulatorio de

Cacheiras sen pediatra e di que descoñece o cupo infantil, pero a experiencia é que debe de ser bastante amplo, porén desprazan aos usuarios a urxencias do clínico en horario de tarde e senón hai que ir aos Tilos ou Calo, colapsando estes centros, ou ás urxencias do clínico. Considera a sra. López que non é de recibo, que descoñece cal é o sistema de cubrir baixas pero nun mes o SERGAS ten que ter capacidade de resposta.

Intervén a sra. Castelao e di que lle parece tremendo o argumento que o PP acaba de mostrar e que lle parece tremendo que cuestione a boa vontade da existencia da loita das plataformas cidadáns. Sinala que o seu grupo trouxo unha moción para falar da sanidade, da atención primaria, e ela non sabe se a sra. Calvo está no partido equivocado ou non sabe o que defende o seu partido e o que fai, pero dende logo é decisión política do PP que se destine a atención primaria un 14% en vez dun 25% que é, como mínimo, o recomendado pola Organización mundial da saúde.

Sinala que sempre se comenta que non se traen cousas que afecten a Teo e neste caso ela como usuaria da sanidade pública, así como as súas fillas, teñen que ir de Calo aos Tilos e no verán a pediatra non a substitúe ninguén, etc. Salia que con isto quere dicir que hai un problema no que non está axudando para nada o PP, senón que está incrementando ese problema.

Salia a sra. Castelao que a moción, aínda que a sra. Calvo poida dicir o que queira, é moi clara e os veciños e as veciñas de Teo e de fóra de Teo e de toda Galiza están sufrindo o que o PP está levando a cabo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, non fai uso da mesma.

Intervén a sra. Calvo e, dirixíndose á sra. López, dille que non ten ningunha dúbida do que está dicindo, e acaba de aclarar que o problema é que non hai médicos, a nivel España, non só xa en Galicia. Sinala que ogalla ela puidese poñer unha bata e ir

axudar pero non pode, hai que facer unha carreira, e se non hai médicos non se poden inventar.

Sinala que, con respecto aos centros médicos de Calo e Tilos, o Concello vai ter un centro médico, cuxo convenio se acaba de asinar, o cal non quere dicir que os que queden, que van a ser todos, haxa que facer un mantemento, que unha parte corresponde á Xunta e outra ao Concello, algo no que pensa que todo estarán de acordo.

A sra. Calvo, dirixíndose á sra. Castelao, dille que sinte que lle parezan tremendos os argumentos, pero a ela parécelle tremenda a moción en si, como o BNG a redactou.

Aclara que ela non di que non traia cousas, pero que hai que frear un pouco, que en todos os partidos políticos lle dan un montón de cousas, e que ela traballa no Parlamento e se trouxera todo o que rexistra o PP sería un pleno enteiro e daríanlle os 106 anos que ten o seu avó. Salia que ela só di que a Administración máis adecuada para un problema global é o Parlamento de Galicia porque afecta a toda Galicia, de feito hoxe mesmo debateuse alí. Ela pensa que isto é duplicar, e é un aburrimiento, tratándose dun comentario xeneralizado.

A sra. Calvo pídelles á sra. Castelao que cando a cite a ela que a cite textualmente, que ela está falando dunha plataforma concreta, e explicou o porque di iso, que ten un fundamento.

A sra. Calvo dille á sra. Castelao que lle parecen moi ben as súas demandas pero pensa que se esqueceu do Goberno central. Sinala que teñen alí un señor plantificado que lle deu a chave do goberno a estes señores, así que terán que facer valer o seu voto, xa que non é só facer a foto.

Reitera a sra. Calvo que ela estaba a falar dunha plataforma concreta, ou sexa que se non lle importa á sra. Castelao a próxima vez pide que a cite “verbatim” e que non

mezcle ao resto de plataformas nin ó resto de asociacións, pois non llo vai a consentir, xa que hai que dicir a verdade e deixar de terxiversar.

O sr. alcalde sinala que a el lle parece bastante grave clasificar unha plataforma dese estilo, entre outras cousas porque as plataformas son plurais, é dicir, pode estar moitas xente. Pensa que a plataforma en defensa da Sanidade pública require máis respecto por parte de todos, pero é a súa opinión en todo caso, ou a do seu grupo. Sinala que en todo caso, por dicir algo suave, o “heavy” é que se retrotraia ao bipartito, que é de hai moitos anos, e se diga que a culpa de todo é que non hai médicos. Ata xuño do ano 2018 estivo gobernando o PP, en todo caso os médicos estarán saíndo do forno porque tampouco se fan así como así, e algunha responsabilidade na falta de médicos terá tamén o PP.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete votos en contra (7 PP), acorda:**

**Facilitar a recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria**

**Chamar a poboación do noso Concello a participar na Manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego en risco de desmantelamento.**

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao sinala que os veciños de Tribaldes indícanlle que están a sufrir uns golpes de luz moi fortes, de repente váiselle a luz a toda a aldea e vólvelle con moitísima forza, que de feito os teñen preocupados.

O sr. alcalde di que foron o outro día polo Concello e quedaron de facer unha reclamación, que hai algún precedente nalgunhas outras zonas, pois mesmo en Lucí pasou durante bastante tempo.

2.- Sinala a sra. Castelao que tamén en Tribaldes, pasando a Igrexa, hai coma un corte na estrada. Máis ou menos onde está o tirante aquel, que supón que aínda non remataría a obra, porque aínda está alí, polo que de paso pide que se lle poña algo.

O sr. alcalde di que se mirará.

3.- A sra. Castelao refírese a Carballal e di que, baixando cara as Pontes, había uns badéms que se quitaron hai tempo e solicita que se poña algo.

4.- Di a sra. Castelao que lle comentan na Sociedade Recreativa de Calo que a pista que vai dende o bar cara ao campo de fútbol é municipal, e que cando hai partidos ou entrenamentos hai moito movemento de nenos, polo que prefíren que non entren os coches para esa zona.

O sr. Igrexas di que ao parecer houbo algo, se sacou e houbo unha reclamación e non estaba moi claro o tema, engadindo que en todo caso mirarase.

A sra. Castelao di que o que ían solicitar sería como unha valla móbil ou algo similar que se poida poñer para eses momentos puntuais.

O sr. Igrexas reitera que fai como sete ou oito anos que se fixo algo, pero que en todo caso se mirará.

5.- A sra. Castelao lembra o da pista de Bustelo, onde hai un cartel que pon P3, que está moi mal.

6.- A sra. Diéguez comenta que o outro día falou da folla caída, que respondera o sr. alcalde que non era de interese municipal, e simplemente quere recordar que está alí amontoada e agora xa non é folla, xa é lama. Sinala que a ela non lle molesta, que pasa perfectamente, pero que se se pon a zona toda bonita, poñendo pavimento, cimentado todo, chulísimo, e logo se deixa que se volva converter en lama entón sería mellor non ter feito as obras, pois aforrábanse os cartos. Explica que alí si que foron a soprarlle ás follas pero que agora iso xa non valería, pois están todas pisadas polos coches e podres, algunhas polo medio, outras arrimadas á parede, pero xa son lama, ou en proceso de selo.

7.- Pregunta a sra. Diéguez pola rúa da Fonte, en Balcaide, á altura do número 37, onde ao parecer hai moitos baches. Sinala que a persoa que lle deu a información quería saber se proximamente se vai facer algunha actuación, asfaltar ou o que sexa, ou se non se asfalta polo menos que se tapen as fochancas.

O sr. alcalde di que se mirará o tema.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Argibay pregunta polas incidencias no bus escolar. Di que a estas alturas do curso séguenlle chegando queixas dos pais dos distintos coles, con habituais atrasos nas liñas dos CEIP e nalgún caso a ruta 2 do CEIP da Ramallosa incluso deixou aos nenos na parada en dúas ocasións como mínimo. No CEIP de Calo séguense producindo atrasos aproximadamente de media hora e sempre na mesma ruta. No IES houbo un cambio de liñas a comezos de ano con varios anuncios, que si, que non, que se cambia. Pensa que é un pouco caótico e seguen a repetirse atrasos especialmente na liña 10. Segue habendo algunha liña sen rotular e iso está motivando confusións, pois algúns rapaces perden o bus porque non saben a cal se teñen que achegar.



Pregunta a sra. Argibay se dende a Concellería de educación se puxeron en contacto coa Xunta para pedir solución a estas irregularidades que seguen producíndose e se se van a pedir explicacións de por que están acontecendo aínda a estas alturas do curso.

A sra. López di que as incidencias trasládanse diariamente por parte da dirección do centro, e di si que ten constancia porque hai unha comunicación fluída. Sinala que é certo que non ten un requirimento sobre as liñas de transporte escolar estritamente. É verdade, di, que con unha periodicidade quizais de 15 días ou 20 días, como sempre hai algunha incidencia do bus de liña aproveita para meterlle que seguen as irregularidades das que é consciente, porque ademais é nai de varios usuarios do transporte escolar, e por tanto está ao tanto, pero só esta semana empezaron a responder os correos que foran mandados, se non lembra mal, a finais de setembro, ou sexa que pensa que deliberadamente levan atraso na resposta.

Salienta a sra. Álvarez que a frustración con respecto á comunicación coa Xunta tanto do bus de liña como do transporte escolar é absoluta. Non hai comunicación fluída nin se lle espera, porque con 4 meses de atraso as incidencias que ela mandou en setembro xa non valen, pois esa liña xa está eliminada, por poñer un exemplo, que era a liña de Rarís. Entón no sabe moi ben que facer, síntese abocada á frustración permanente e comunícanse as incidencias pero non hai unha resposta por parte da Xunta.

2.- A sra. Argibay interesase polo Punto Xove. Di que se está a utilizar a mediateca do Grilo dende hai un par de semanas para un punto de reunión da mocidade e este punto xove foi creado a petición dunha alumna ou un alumno do CLIA e gustaríalles saber o custe e o número de usuarios.

Sinala que o motivo da pregunta é porque no pleno anterior fíxose unha queixa que lles chegou, pensa que a case todos, polo peche das bibliotecas, entón querían facer a suxestión de que ao mellor se hai cartos para pagar a unha persoa ou a varias, non sabe cantas son, que están a atender a uns rapaces, que pensa que son poucos, que

asisten a estas reunións do Punto Xove, e no pleno anterior se comentaba que non había cartos para substituír ao persoal de biblioteca, o cal fixo que no nadal as bibliotecas estiveran pechadas.

Pregunta a sra. Argibay se se vai a manter o Punto Xove, e se realmente compensa ese gasto e non pasar ese gasto a substituír o persoal da biblioteca e que non se pechen en ningunha época.

A sra. Álvarez di que aquí hai dúas cuestións, por unha parte o funcionamento ordinario da biblioteca que ten que estar cuberto por persoal do Concello, que neste caso é Paulino e tamén Alberto, e que teñen como todos os traballadores do concello días de vacacións, de asuntos propios, e que en función diso configúrase un horario da biblioteca, que ademais coincide que se trata de non pechar as dúas ao mesmo tempo pero nese caso coincidiu que había que pintar na Mediateca. Pensa que iso poden perfeccionalo, melloralo, ou tirar de lista de substitución, o que sexa, pero iso non pode confundirse co Punto Xove. O Punto Xove nunca substitúe o traballo dos bibliotecarios porque é persoal alleo, de ocio e tempo libre, que está contratado para unha función moi concreta, que é a dinamización do Punto Xove, pero que en ningún caso ordena libros nin está autorizado para entrar na base de datos da Biblioteca de Galicia e en ningún caso cubre o traballo dos bibliotecarios.

Explica que o que fan é ocupar un espazo que neste caso como é a Mediateca ordinariamente úsase de espazo de biblioteca e de préstamo de libros pero que no momento do Punto Xove, é como, por dar un exemplo, se se fixera na Casa Común de Cacheiras, xa que a ese efecto eles están alí dinamizando o espazo.

Con respecto a como xorde o Espazo Xove, explica a sra. Álvarez que é unha proposta do CLIA, é certo que foi proposta por unha persoa, pero foi ratificada por todo o conxunto. Entón, nunha reunión que se produce cos técnicos de servizos sociais, que neste caso son os que levan o CLIA, decidiuse darlle saída a esta proposta. Por tanto vaise tratar de levar o Punto Xove adiante incluso cunha pequena implementación no

período vacacional de Semana Santa, durante 6 meses. Pensa que o custe non é elevado porque son 75 € máis IVE, é certo que non se está para tirar o diñeiro, pero pensa que sendo unha proposta do CLIA, que pensan que se pode facer e é perfectamente asumible.

Explica a sra. López que asistiron 3 persoas á primeira sesión e 2 á última. Sinala que non vai defender agora o Punto Xove porque tampouco é unha iniciativa que saíra dela, pois pensa que había outras alternativas, pero hai que darlles a oportunidade.

Pensa a sra. Álvarez que é unha función do Concello intentar dinamizar a mocidade, que este concello ten unha eiva moi importante, que é que non hai ningún técnico de mocidade, que o está suplindo a concelleira, ou ben a técnica de cultura ou ben o persoal de servizos sociais, e trátase dunha eiva que a sociedade ten que coñecer, que non hai técnico de mocidade e que, se houbera un, seguramente dinamizaríase doutro xeito.

Remata a súa intervención a sra. Álvarez reiterando que hai que darlle a oportunidade, e que, obviamente, se en 4 ou 5 meses non vai adiante buscaríase outra alternativa.

3.- A sra. Lemus pregunta pola venta das parcelas, canta demanda houbo, pois o prazo xa rematou o día 12.

O sr. alcalde di que foi escasa demanda, di que só houbo unha proposta, que aínda non se abriu e non se sabe en concreto se é por unha ou por máis.

A sra. Lemus di que é máis importante do que se pensa.

O sr. alcalde di que espera que quen vén detrás non o teña que sufrir, e que en todo caso valorarase, pois é certo que se produciu un cambio no mercado ultimamente, e xente que tiña contratada a execución de vivendas polo encarecemento dos materiais botouse atrás e parece que é moito máis chamativo comprar unha vivenda xa rematada

e que non estea pendente da autoconstrución e do que poidan supor os custes de construción. Esa é unha posible explicación, pero a realidade está aí e en todo caso a opción que queda é estudar a posibilidade legal de reducir prezos e ver a posibilidade de venta ou conservalas doutro xeito.

De calquera xeito, manifesta, é importante nun momento no que por exemplo se triplica o custo da luz, como se verá no recoñecemento extraxudicial de crédito que xa anuncia que se vai presentar, polo que non contar con eses recursos é unha faena.

4.- A sra. Lemus interésase polo lixo. Entende que tanto Son de Teo como o PP estarán falando algo, porque ela polo menos non se enterou de nada dende a última proposta que se trouxo nunha xunta de portavoces e aí quedou. Di que descoñece cal é a idea, e se seguen coa idea da municipalización ou non, polo que quería saber como estaba.

O sr. alcalde di que lle parece que foi o PP no último pleno que dixo que lle parecía ben todo o presentado pero que consideraba necesario antes de tomar unha decisión que se fixera un estudo por parte dunha consultora por custes da xestión privada. Sinala que nesta semana ou a principios da próxima terano, e en función diso levarase unha proposta.

5.- A sra. Lemus refírese a unha publicación que veu no día de hoxe pola tarde, en canto a unha reunión que houbo no día de onte nos Tilos. Sinala que non pode entrar a valorar se a tala das árbores era convinte ou non, non é técnica e non vai facelo, pero si que lle chama a atención que por parte da asociación de veciños que asiste que comentan que nesa reunión, e lee textualmente “*por parte dos concelleiros do grupo de goberno faise referencia a que a decisión é cousa do encargado de Parques e xardíns do Concello*”.

Di a sra. Lemus que lle chama a atención a cronoloxía e este último punto. Primeiro aparece unha nova no Trece parroquias, logo aparece un informe, logo aparece unha

actualización do informe, no primeiro fala de poda, logo outro fala de tala, e agora a 24 de xaneiro fálase do técnico de parques e xardíns, o cal ela tiña entendido que estivo de baixa a maior parte deste ano, ademais os informes son de ABOAL, non do técnico, entón non entende por que agora o técnico municipal de parques e xardíns aparece como responsable último da decisión cando polo visto era en base a uns informes técnicos que non tiñan nada que ver con el, outra cousa foi algún comentario que se fixera, pero nada máis. Gustaríalle que se aclarase, porque se está a falar dun traballador municipal e consideran que non é correcto, porque no fondo, digan o que digan os técnicos, as decisións finais tómanas quen ocupa o cargo correspondente no seu momento. Sinala que se houbo algún malentendido e se lle está botando a responsabilidade enriba ao técnico de parques e xardíns, que non estaba na reunión ademais para dicir nada en contrario, polo menos que se aclare a situación e que o fagan publicamente.

O sr. alcalde di que o único que poden facer a ese respecto é levar a próxima vez á secretaria municipal para que levante acta, porque obviamente non son responsables das actas que se publican e non saben a que responde. Di que evidentemente iso non se dixo en ningún momento na reunión.

Sinala que o que se dixo e se estableceu foi que isto non era unha decisión que viña de agora, que foi unha decisión que se tomou despois de que no ano 2017 caese unha póla de 20 cm de diámetro ao lado dunha persoa, que se podía sospeitar ou asumir que por esa circunstancia os técnicos tomasen unha decisión preventiva, excesivamente preventiva, que non entraron a cuestionar, que xa fora unha valoración dos responsables municipais e que ademais se pediu un informe externo, de ARBOGAL, que os dous coincidían que había que cortar varios liquidámbar e se cortaron naquel momento e outros había que facerlle unha poda de redución para que desapareceran nun prazo razoable. Por iso entre os liquidámbar se plantou unha especie substitutoria que ao cabo dos anos loxicamente levaba á corta do liquidámbar, porque era unha actuación programada. De feito, di, nunha houbo unha actuación tan programada coma esa. Non houbo ningunha decisión nova, senón un novo informe de ARBOGAL precisamente porque o responsable de parques e xardíns estaba de baixa,

pero en todo caso era unha decisión absolutamente programada dende hai 4 anos. É certo que se podía tomar 3 meses antes ou 3 meses despois aínda que se di por aí que como xa nada lles importa non fan nada. Sinala que el dende logo hai algunhas cousas que quere deixar pechadas e esa da seguridade con respecto a iso era algo que non quería deixar ese marrón a ninguén, polo que se completou unha labor e unha proposta iniciada cun procedemento que había que iniciar hai 4 anos.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Sánchez di que quere consultar sobre tres actuacións en Luou, engadindo que antes diso quere dicir que lle aleda profundamente que a sra. Lemus estea agora tan preocupadísima polo tema do lixo. Sinala que foi unha mágoa que non o estivera mentres gobernaba, porque iso tería impedido que o contrato do lixo neste momento estivera en precario e en prexuízo de toda a veciñanza.

Tratándose das actuacións en Luou sinala que se trouxo ao Pleno unha moción, e o goberno municipal tamén se pronunciou publicamente, pensa que a través dun comunicado, respecto da obra de humanización de Luou, instando á Deputación a que se levase a cabo a actuación. Gustaríalle saber se houbo algunha resposta por parte da Deputación, oficial ou oficiosa.

O sr. alcalde di que resposta directa non houbo, que o único que saben, que non se lembra se o comentara no Pleno, é que nunha moción presentada por Marea Atlántica na Deputación o sr. Presidente comprometeuse a incorporar nos orzamentos deste ano esa actuación. A partir de aí non hai máis noticias.

2.- O sr. Sánchez interésase pola Horta do Cura. Manifesta que el estivo alí a pasada fin de semana e realmente non chega a entender exactamente en que punto se atopa a obra, polo que solicita que se clarifique cal é a situación, e falando de prazos, porque hai que lembrar que isto vén dende 2018 e había 6 meses de prazo de execución.

O sr. alcalde di que é a obra que máis sufriu os atascos producidos por múltiples causas e que agora neste momento está na reconstrución dun muro de pedra que ten que pechar o parque con respecto á Horta do Cura. Todo indica, sinala, que no próximo mes, en febreiro, debería de estar a tope de execución, como moito no prazo de 2 meses. Manifesta que a el lle xuraron e perxuraron que o muro de pedra o fai outra empresa e que está atrasando a execución do parque, pero máis alá de chamar ao contratista todos os días pouco máis pode facer. Sinala que outra opción sería iniciar penalidades, porén neste caso nin sequera é o contratista da obra grande, senón que é un traballo previo.

3.- Pregunta o sr. Sánchez se xa sabe se hai algún prazo máis concreto respecto da recta que vai dende Espasande ata Insua, que está absolutamente intransitable.

O sr. alcalde di que foi aprobado polo Pleno nun complementario e pensa que é unha das obras que aínda non ten confirmación.

4.- O sr. Guerra pregunta por Agosto, dende o número 50 ao 57, en fronte á taberna, e sinala que esa pista está un pouco deteriorada. Houbo tractores que lle parece que estiveron retirando leña e orixináronse uns baches, polo que solicita que se reparen.

5.- Sinala o sr. Guerra que onde a propia Igrexa de Oza hai 3 baches moi grandes que tamén habería que arranxar.

6.- Di o sr. Guerra que á altura do número 67 de Agosto tamén meteuse a limpeza de cunetas, e pregunta se se vai asfaltar, ao lado de abaixo do antigo aserradeiro.

O sr. Igrexas di que simplemente o que se fixo foi limpar a cuneta.

O sr Guerra di que está o veciño de abaixo reclamando que se asfalte, o sr. Golmar.

7.- O sr. Guerra pregunta pola pista de Malfurado, para que se bachee algo, que son 2 ou 3 veciños, pero está moi deteriorada.

8.- A sra. Vázquez sinala que vai retomar o tema dos baches, e vai sorprender cales vai solicitar que se tapen, pero é que agora literalmente está intransitable, da igual o lado da estrada pola que se vaia. Di que se trata da pista de Olveira, que precisa urxentemente que se vaia porque teñen un tamaño moi considerable.

9.- A sra. Vázquez di que hai outro bache tamén bastante considerable, ao entrar en Bahamonde cara ao Coto, vindo de Tribaldes.

10.- Sinala a sra. Vázquez que en Pontevea, xunto a ponte, a pista que vai cara Padrón, despois dos edificios, ao meterse por onde a gasoleira, o arranxo quedou mal e agora mesmo tamén está bastante intransitable cando pasan os coches.

11.- Sinala a sra. Vázquez que, con respecto ós sinais, xa pediu noutra ocasión a reparación ou substitución de varias que indican as aldeas, neste caso di que tamén pide onda a ponte, no Castro, que hai unha de sinalización de velocidade de 40 que non se ve, xusto vindo do interior de Reis cara Pontevea.

12.- Di a sra. Vázquez que o cartel de sinalización de Olveira está torcido e tirado e o que indica Maios tamén, cando se vai cara Agromaior. Sinala que hai moitos máis no Concello, pero eses dous xa llo comentou máis xente.

13.- Di a sra. Vázquez que hai dúas farolas que non alumean, ao entrar de Fontenlo cara Maios-Agromaior, a que está nese cruce xusto e a que está indo de Agromaior, antes da parada do autobús dos rapaces.

14.- A sra. Castro sinala que o veciño de Montouto, que é invidente, xa comunicou que se lle entregara o mando para o uso dos semáforos, e pregunta como está o tema da colocación dos propios semáforos.



O sr. alcalde di que está en tramitación pero aínda pode tardar un mes ou así.

15.- A sra. Castro pregunta polo tema da varanda do Erosky, que pensa que comentara, por culpa da altura da beirarrúa.

16.- A sra. Castro pregunta pola carreteira que vai dende Campos de Mirabel cara Adrán e di que está intransitable porque por alí si que pasan un montón de camións, entende que é para ferralla, e xa non hai maneira de pasar.

O sr Igrexas sinala que está para reparar.

17.- A sra. Castro pregunta por un socavón que hai na aceira, á altura das casas na S. Recreativa de Calo, que xa ocupa case toda a aceira e agora ten un cono posto.

O sr. Igrexas di que se lle puxo un cono.

18.- A sra. Calvo sinala, con respecto ao que comentaba antes a sra. Lemus da asociación de veciños e a reunión que houbo no día de onte con eles, por parte do Concello, que a ela tamén lle transmitiron o mesmo que lle transmitiron a concelleira do PSOE. Explica a sra. Calvo que ela non estaba na reunión, pero xa o ten dito en moitos plenos, que os técnicos só fan o seu traballo e se lles presupón unha profesionalidade, entón, non di que o dixeran pero si que é raro que ás dúas lles dixeran o mesmo.

O sr. alcalde di que claramente é un mal entendido, que en todo caso o que dixeron alí foi que había decisións que eran criticables, opinables, e que asumían toda a responsabilidade, tipo colocación de tirolina, pero había outras que non eran criticables, é dicir, que se hai un informe técnico que di que esa árbore é perigosa e que hai que cortalo, nin el nin calquera alcalde que estea no seu sitio vai a sucumbir diante das peticións dos veciños e doutros informes técnicos, porque a responsabilidade, se pasa algo, é de quen tendo informes que lle din que hai que cortalo non o corta. Reitera o sr. alcalde que iso foi o que se dixo.

A sra. Calvo di que ata aí están de acordo pero que o que transmiten directamente é que se lle botou a culpa ao técnico.

O sr alcalde di que está mal transmitido porque en ningún momento o fixeron.

A sra. Calvo insiste en que só quere puntualizar que non estaba alí e non lle gusta repetir o que non escoita ela cos seus propios oídos, pero que o responsable lxicamente neste caso sería o executivo local nunca un técnico, que fai o seu traballo.

O sr. alcalde di que eles non acordaron cortar unha árbore calquera, di que evidentemente se hai unha árbore no medio da aceira e estorba para pasar esa é unha decisión política, cortala. Se a eles lle dan un informe técnico que lles di que hai que cortar a árbore, pois a cortan, e eles non fan informes técnicos que digan iso. Para cortar unha árbore se se fai é porque hai un informe técnico que di que hai que cortalo e se di que hai que podalo pois pódase, e se di que hai que cortala, córtase. Explica que o que dixeron alí varias veces é que se eles creen que o día 28 van a votar a alguén que vai a decidir se se poda, se se corta ou tal están moi equivocados porque iso non o deciden os políticos, decídeno os técnicos. Hai un responsable de xardíns que ten estudadas todas as árbores, que fai unhas propostas, cando considera que ten que facer un informe técnico faino e en base a esas propostas os políticos establecen unhas prioridades e deciden canto se pode gastar en levar as propostas a cabo.

A sra. Calvo insiste en que non está cuestionando o que fixeran ou deixaran de facer, senón que os responsables, como principio básico da Administración Pública, son os políticos e que alí, ao parecer, se dixo iso.

O sr. alcalde di que acaba de explicar o que se dixo e o que non, que o que dixeron por activa e por pasiva foi que se se deixa esa árbore sen cortar e mañá lle cae a alguén na cabeza, habería que preguntarse quen é o responsable. Reitera que o que están dicindo é que están seguindo as directrices dun informe técnico.

A sra. Calvo pregunta se se dixo o nome do técnico. O sr. Igrexas responde que é o que di o alcalde, levar á secretaria non porque sería unha tortura para ela, pero ao mellor gravalas reunións igual si, porque de verdade é que está pasando de darlle a volta e recompoñer o que dis e o que non, é algo esgotador. É evidente que a decisión a toma un político, pero hai decisións que están baseadas en criterios técnicos, e iso calquera o pode entender. Sinala que se puxo directamente un exemplo, e que el pode decidir se ten cartos para facer unha poda, pero o que non vai a decidir é que ramas se cortan, e iso é así de claro. Sinala que pode pedir un informe técnico pero non pode decidir o contido dese informe técnico, e en función diso toma unha decisión atendendo a que haxa ou non haxa orzamento.

A sra. Calvo di que eles transmitiron o que dixo, que só está dicindo iso, e que comezou dicindo que ela non estaba alí, e que non ten por que poñer en dúbida nin o de uns nin o de outros, só que transmitiron o mesmo.

Di a sra. Calvo que agora os veciños preguntan, que non sabe se o preguntaron alí ou non porque non estaba na reunión, que van a facer con toda a madeira talada.

O sr. Igrexas di que unha cousa é que se venda unha árbore para unha explotación madeireira, que entón o que se fai é talalo, e outra cousa é retirar unha árbore dun espazo público, que a madeira se trata como un residuo e normalmente cobran por levala. Explica que son cousas distintas, e así outra cousa é que se vaia vender pinos ao monte. Tratándose dos liquidámbars cortados con grúa e troceados para producir o menor dano na infraestrutura urbana e no campo, os que se sacaron polo Concello van para unha finca municipal e os que sacan outros cobran polo tratamento que se lle da, igual que os magnolios que se acaban de sacar de alí. Se non se levaran os magnolios e os deixaran aí era a metade do custo.

19.- A sra. Calvo di que lle comentan tamén que as madeiras da reparación da fachada da biblioteca hai que retiralas ou facer as xestións necesarias.

20.- Sinala a sra. Calvo que en Montouto, onde o viveiro, xunta aos contedores da tapicería hai un montón de bolsas brancas con escombros, que pide que se retiren.

O sr. Igrexas di que si, que se retirarán, pero entón estáselle dicindo á xente onde deixar o lixo, porque precisamente en Reis retiráronse uns contedores e as fotos eran dantescas, xa que había colchóns, lavadoras, escombros, de todo, entón a cuestión sería que se retirara todo e aos dous días empézase de cero.

Di o sr. Igrexas que as bolsas teñen que verse durante 15 días e que a xente sexa consciente de que aquilo non se fai, sendo ademais case unha medida educacional. Sinala que ademais iso ten que ir a un centro de tratamento, mándase a Cambados, pero algo hai que facer, senón el a próxima vez cando faga unha obra en vez de poñer un contedor pon unhas bolsas e vai repartindo.

A sra. Calvo di que está de acordo totalmente en que a xente ten que ser máis cívica, pero a ela simplemente os veciños danlle un aviso, foino a ver e trasládao. Pensa, di, que se deberían de retirar.

O sr. Igrexas di que el non está dicindo que non se retiren, senón que o que di é que non está mal que se vexa que se está facendo unha cousa equivocada.

21.- O sr. Garea pregunta polo tema do sinal do que falaba a sra. Vázquez, na estrada do Castro, e pide que tamén se mande de vez en cando á policía local non só aos que están diante do vado, senón a ver se co radar un día que o teñan, por culpa da velocidade, que alí hai xente que se pasa moito, polo que hai que facer algo.

O sr. alcalde comenta que está prevista a celebración dun pleno extraordinario para o tema do POS o xoves día 9 de febreiro, e as comisións informativas o luns día 6, xa que o POS hai que telo entregado o día 14.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz